

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

8268 *Real decreto 339/2021, do 18 de maio, polo que se regula o equipamento de seguranza e de prevención da contaminación das embarcacións de lecer.*

O artigo 7 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, relaciona entre os obxectivos que constitúen a política da mariña mercante os da tutela da seguranza da vida humana no mar, da seguranza da navegación marítima e da seguranza marítima, e os da protección do ambiente mariño. Así mesmo, o artigo 97 da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, dita que os requisitos de seguranza e os relativos á prevención da contaminación dos buques e embarcacións nacionais se determinarán e controlarán de acordo coa natureza e finalidade dos servizos que presten e da navegación que efectúen.

Neste senso, o artigo 263 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante atribúe ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana as competencias en materia de ordenación xeral da navegación marítima e da frota civil, termo este que engloba, segundo o propio texto refundido no seu artigo 9.1, os buques de lecer e deportivos nacionais. Desta maneira, no marco da competencia de ordenación e execución das inspeccións e os controis técnicos de todos os buques civís españois e dos estranxeiros en casos autorizados polos acordos internacionais, foi ditado o Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, polo que se establecen os recoñecementos e inspeccións das embarcacións de lecer para garantir a seguranza da vida humana no mar e se determinan as condicións que deben reunir as entidades colaboradoras de inspección, co albo de garantir a seguranza da vida humana no mar.

O actual marco normativo que determina os requisitos de seguranza e de prevención da contaminación das embarcacións de lecer contense na Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril, pola que se regulan os equipamentos de seguridade, salvamento, contra incendios, navegación e prevención de verteduras por augas sucias, que deben levar a bordo as embarcacións de recreo. Non obstante, desde a súa publicación hai xa máis de 17 anos, a evolución tecnolóxica dos equipamentos destinados a ser instalados nas embarcacións de lecer e a recente actualización normativa que sobre as embarcacións de lecer e os equipamentos mariños emanou da Unión Europea aconsella unha nova regulación que una os factores e circunstancias que permitan un mellor desenvolvemento do sector náutico de lecer.

Deste modo, con este novo real decreto preténdese determinar o equipamento de seguranza, na esfera do salvamento, a navegación e a protección contraincendios, e de prevención da contaminación do medio mariño, particularmente polas augas sucias, nas embarcacións de lecer, así como as obrigacións dos propietarios e patróns e os requisitos que deben reunir estes equipamentos, que, na súa esencia, proveñen da normativa europea.

Entre as facetas novas deste real decreto hai que salientar, dunha parte, que o seu ámbito de aplicación se estende ás embarcacións de lecer estranxeiras que naveguen por augas baixo soberanía española, sempre que os propietarios ou outras persoas que usen e desfruten esas embarcacións teñan unha vinculación auténtica con España, coa finalidade de evitar que as embarcacións de lecer se abandeiren noutros Estados de pavillón con requisitos de seguranza e prevención da contaminación máis laxos, o que evidentemente supón un menoscabo na política da mariña mercante antes enunciada.

Por outra parte, sobre o réxime sancionador, introdúcense especificacións e graduacións no cadro de infraccións e sancións establecidas no título IV do libro terceiro do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante que, sen constituíren

novas infraccións, nin seren exhaustivas nin alteraren a natureza das que a lei determina, contribúen a unha identificación máis correcta das condutas tipificadas e a unha determinación máis precisa das sancións correspondentes, todo isto co obxecto de facilitar a aplicación do dito réxime nos aspectos regulados exclusivamente neste real decreto.

Por último, nas disposicións derradeiras, continuando coa liña marcada polo recente Real decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e se actualizan as medidas de seguranza na utilización das motos náuticas, modifícanse de maneira puntual dous reais decretos no ámbito da náutica de lecer, na necesidade de axustar aspectos que facilitan a actividade de lecer ou deportiva.

O primeiro é o Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos náuticas, no cal se aclara a actividade das empresas dedicadas ao aluguer destas, certos aspectos de seguranza na utilización das motos náuticas, incluídas as destinadas a actividades de auxilio e salvamento marítimo, e a validez dos títulos náutico-deportivos de patrón de moto náutica «A», «B» e «C».

E o segundo é o Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo, onde se perfila a definición da licenza de navegación, se recoñece a actividade do socorrismo de praias desde as motos náuticas e se completa a lista de Estados a cuxos cidadáns se permitirá o goberno de embarcacións de lecer españolas con títulos expedidos en Suíza e Reino Unido, neste último caso debido á súa retirada da Unión Europea.

Por todo o exposto, este real decreto concorda cos principios establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En primeiro lugar, asúmense os principios de necesidade e eficacia, xa que o real decreto contribúe ao obxectivo do interese xeral de garantir a seguranza marítima mediante os equipamentos de seguranza e de prevención da contaminación destinados a ser embarcados nas embarcacións de lecer. Así mesmo, o real decreto é coherente co principio de proporcionalidade, posto que as obrigacións impostas representan as imprescindibles para atender o obxectivo enunciado. Ademais, atendendo ao principio de seguranza xurídica, este real decreto resulta coherente co resto do ordenamento xurídico que aborda as cuestións de seguranza marítima, substituíndo outra norma regulamentaria de idéntica natureza pero coas novidades pertinentes que sosteñen un marco xurídico estable e predicible para o sector da náutica de lecer. Por outra parte, atense ao principio de transparencia cando se identificaron os motivos que xustifican a elaboración desta iniciativa regulamentaria, xa sexa por un mandato normativo xa sexa polo estado actual do sector da náutica de lecer; tamén dentro deste principio, ofrécese aos destinatarios da norma a oportunidade de teren participación activa mediante o trámite de audiencia pública, do cal se valoraron efectivamente numerosas propostas e observacións que tiveron reflexo no texto normativo. Finalmente, o principio de eficiencia estivo presente na elaboración deste proxecto, xa que na súa aplicación se analizou a redución de varias das cargas administrativas susceptibles de dirixirse aos destinatarios da norma.

No procedemento de elaboración deste real decreto cumpríronse os trámites establecidos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, sobre a potestade regulamentaria.

Así mesmo, esta disposición foi sometida ao procedemento previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Este real decreto, que se dita ao abeiro das competencias exclusivas que atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución española en materia de mariña mercante,

ten o seu fundamento legal na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, e no artigo 97 da Lei 14/2014, do 24 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de maio de 2021,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente real decreto ten por obxecto:

a) Establecer o equipamento de seguranza e de prevención da contaminación que deben levar a bordo, con carácter obrigatorio, as embarcacións de lecer en función da zona en que se encontren navegando.

b) Determinar os requisitos que debe reunir o dito equipamento de seguranza e de prevención da contaminación.

2. Para os efectos deste real decreto, consideraranse embarcacións de lecer aquelas de todo tipo, con independencia do seu medio de propulsión, que teñan unha eslora comprendida entre 2,5 e 24 metros, proxectadas e destinadas para fins recreativos e deportivos, e que non transporten máis de 12 pasaxeiros.

3. Enténdese por eslora a eslora de casco medida de conformidade co disposto no artigo 2.2 do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, polo que se establecen os recoñecementos e inspeccións das embarcacións de lecer para garantir a seguranza da vida humana no mar e se determinan as condicións que deben reunir as entidades colaboradoras de inspección.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase a todas as embarcacións de lecer que se achen nalgunha das situacións seguintes:

a) Estean matriculadas, inscritas ou preinscritas en España.

b) De conformidade coa lexislación vixente, desenvolvan unha actividade con fins comerciais ou lucrativos en augas marítimas nas cales España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, calquera que for o seu Estado de pavillón.

c) Naveguen polas augas interiores marítimas españolas ou o mar territorial español, calquera que for o seu Estado de pavillón, e que sexan os seus propietarios ou teñan o seu uso e disfrute persoas físicas ou xurídicas con residencia ou domicilio social en España.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto:

a) Os artefactos flotantes de lecer, entendéndose por tales os seguintes:

1.º Piraguas, caiacs, canoas sen motor e outros artefactos flotantes sen propulsión mecánica.

2.º Patíns con pedais ou provistos de motor con potencia inferior a 3,5 kW.

3.º Motos náuticas.

4.º Pranchas de vela.

5.º Pranchas deslizantes con motor.

6.º Instalacións flotantes fondeadas.

7.º Outros enxeños similares aos descritos nos puntos anteriores que se utilicen para o lecer.

- b) As embarcacións de regatas que teñan as súas propias normas de construción e que estean destinadas exclusivamente á competición.
- c) As embarcacións experimentais sempre que non se comercialicen no mercado da Unión Europea.
- d) Os somerxibles, batiscafos e submarinos.
- e) Os vehículos con colchón de aire.
- f) Os hidroplanadores.
- g) As embarcacións históricas orixinais e as reproducións individuais de embarcacións históricas deseñadas antes de 1950, reconstruídas esencialmente cos materiais orixinais e denominados así polo fabricante.
- h) As embarcacións que presenten características de índole innovadora, cando se vexan imposibilitadas para levar a bordo o equipamento de seguranza e prevención da contaminación prescrito neste real decreto.

Artigo 3. *Zonas de navegación e categorías de deseño.*

1. Distínguense as seguintes zonas de navegación:
 - a) Zona 1: Zona de navegación ilimitada.
 - b) Zona 2: Navegación na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a ela trazada a 60 millas náuticas.
 - c) Zona 3: Navegación na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a ela trazada a 25 millas náuticas.
 - d) Zona 4: Navegación na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a ela trazada a 12 millas náuticas.
 - e) Zona 5: Navegación na cal a embarcación non se afaste máis de 5 millas dun abrigo ou praia accesible.
 - f) Zona 6: Navegación na cal a embarcación non se afaste máis de 2 millas dun abrigo ou praia accesible.
 - g) Zona 7: Navegación en augas costeiras protexidas, portos, radas, rías, baías abrigadas e augas protexidas en xeral.
2. Enténdese por abrigo o lugar en que facilmente pode refuxiarse unha embarcación e permitir a chegada á terra dos seus ocupantes.
3. As embarcacións de lecer con marcación CE estarán facultadas para navegar polas zonas de navegación correspondentes á súa categoría de deseño, en función do equipamento de seguranza e de prevención da contaminación a bordo, de acordo co seguinte:
 - a) Categoría de deseño A: zonas 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7.
 - b) Categoría de deseño B: zonas 2, 3, 4, 5, 6 e 7.
 - c) Categoría de deseño C: zonas 4, 5, 6 e 7.
 - d) Categoría de deseño D: zona 7.
4. As embarcacións de lecer sen marcación CE estarán facultadas para navegar na súa zona de navegación asignada, en función do equipamento de seguranza e de prevención da contaminación a bordo.
5. As embarcacións de lecer non navegarán en situacións de ondas e vento superiores ás do seu deseño.

Artigo 4. *Obrigacións dos propietarios e patróns.*

Os propietarios das embarcacións de lecer ou, se for o caso, os seus patróns son responsables de manter o estado da embarcación e do seu equipamento de modo que se

axuste ao disposto neste real decreto. Para tal fin, sen prexuízo doutras obrigacións establecidas normativamente, garantirase que:

1. A embarcación estea sempre en condicións de facerse ao mar sen perigo para as persoas que poida haber a bordo.
2. O número de persoas a bordo non sexa en ningún caso superior ao número máximo de persoas para que estea autorizada a embarcación.

CAPÍTULO II

Equipamentos de salvamento

Artigo 5. *Certificación dos equipamentos de salvamento.*

Os equipamentos de salvamento estarán certificados de acordo co disposto no Real decreto 701/2016, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos que deben cumprir os equipamentos mariños destinados a ser embarcados nos buques, sen prexuízo de que se indiquen outras alternativas nos artigos seguintes.

Artigo 6. *Balsas salvavidas.*

1. As embarcacións de lecer que naveguen nas zonas 1, 2 ou 3 deberán levar unha ou varias balsas salvavidas con capacidade para o total das persoas a bordo.
2. Nas zonas 2 e 3 as balsas salvavidas poderán ser ISO 9650 ou outra normativa equivalente, sempre que sexan homologadas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.
3. As balsas salvavidas levarán un paquete de emerxencia SOLAS, tipo A na zona 1 e tipo B nas zonas 2 e 3.
4. As balsas salvavidas serán revisadas:
 - a) De acordo coas recomendacións, procedementos e instrucións dos fabricantes, sen prexuízo do disposto para as revisións pola normativa e as normas técnicas nacionais e internacionais que lles sexan de aplicación. Non obstante, os intervalos de revisión das balsas instaladas en embarcacións de lecer que desenvolvan unha actividade con fins comerciais ou lucrativos non poderán ser superiores aos 24 meses.
 - b) En estacións de servizo, autorizadas conforme o proceso de aprobación das recomendacións da Organización Marítima Internacional, que sexan competentes para efectuar as operacións de mantemento, teñan instalacións de servizo apropiadas e utilicen só persoal debidamente capacitado.

Artigo 7. *Chalecos salvavidas.*

1. As embarcacións de lecer deberán levar como mínimo un chaleco salvavidas por persoa a bordo, os cales se completarán cunha luz para chaleco salvavidas. Non obstante, nas embarcacións de lecer que naveguen nas zonas 4, 5, 6 ou 7, que realicen exclusivamente navegacións diúrnas, poderase prescindir da luz.
2. As embarcacións de lecer que naveguen na zona 1 deberán levar un chaleco salvavidas adicional.
3. Proveranse chalecos salvavidas para todas as crianzas e bebés a bordo, adecuados ao seu peso e tamaño.
4. Os chalecos salvavidas inflables serán revisados:
 - a) De acordo coas recomendacións, procedementos e instrucións dos fabricantes, sen prexuízo do disposto para as revisións pola normativa e as normas técnicas nacionais e internacionais que lles sexan de aplicación.
 - b) En estacións de servizo, autorizadas conforme o proceso que proceda, que sexan competentes para efectuar as operacións de revisión, teñan instalacións de servizo apropiadas e utilicen só persoal debidamente capacitado.

5. Os chalecos salvavidas poderán ser certificados de acordo co Regulamento (UE) 2016/425 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, relativo aos equipamentos de protección individual e polo que se derroga a Directiva 89/686/CEE do Consello. A flotabilidade mínima que deben ter estes chalecos detállase na seguinte táboa:

	Zona 1	Zonas 2 3 4	Zonas 5 6 7
Flotabilidade mínima.	275 N	150 N	100 N

Artigo 8. *Aros salvavidas.*

As embarcacións de lecer que naveguen nas zonas 1, 2, 3 ou 4 deberán levar un aro salvavidas con luz e rabiza. Ademais, na zona 1 deberase levar un aro salvavidas adicional, que non necesitará nin luz nin rabiza.

Artigo 9. *Sinais de socorro.*

As embarcacións de lecer, en función da zona en que se encontren navegando, deberán dispor dos sinais de socorro indicados na seguinte táboa:

Clase de sinal	Zona 1	Zonas 2 3	Zona 4	Zonas 5 6
Bengalas de man.	6	6	3	3
Foguete con luz vermella e paracaídas.	6	6	3	-
Sinais fumixenos flotantes.	2	1	-	-

CAPÍTULO III

Equipamentos de navegación

Artigo 10. *Luces, marcas e sinais acústicos.*

1. As embarcacións de lecer irán provistas das luces, marcas e o equipamento para sinais acústicos exixidos polas partes C e D do Convenio sobre o Regulamento internacional para previr as abordaxes, 1972, emendado.

2. As luces de navegación deberán estar certificadas de acordo co establecido no Real decreto 701/2016, do 23 de decembro, ou aprobadas por calquera Estado membro da Unión Europea.

3. As embarcacións de lecer que naveguen nas zonas 4, 5, 6 ou 7, que realicen exclusivamente navegacións diúrnas, poderán levar, se a súa eslora total é menor de 12 metros, luces non certificadas ou homologadas, sempre que teñan unha visibilidade mínima de 1 milla náutica. Se a súa eslora total é menor de 7 metros, poderase prescindir das luces de navegación e levar, na súa falta, unha lanterna eléctrica de luz branca.

4. As embarcacións de lecer irán dotadas cunha bucina de néboa a presión manual ou accionada por gas en recipiente a presión. Neste último caso, disporase dunha membrana e un recipiente de gas como recambios. As embarcacións de lecer de eslora total igual ou superior a 20 metros irán dotadas adicionalmente cunha campá de ao menos 200 mm de diámetro.

Artigo 11. *Liñas de fondeo.*

1. As embarcacións de lecer deberán dispor dunha liña de fondeo cuxa lonxitude non poderá ser inferior a cinco veces a eslora da embarcación.

2. A lonxitude do tramo de cadea será como mínimo igual á eslora da embarcación, excepto nas embarcacións de lecer menores ou iguais a 6 metros de eslora, nas cales a liña de fondeo pode estar constituída enteiramente por estacha.

3. Non se utilizarán cadeas nin estachas empataadas sen grillón.

4. O peso mínimo da áncora e os diámetros mínimos da cadea e a estacha, que cada embarcación deberá levar en función da súa eslora, indícanse na seguinte táboa:

Eslora (m)*	Peso da áncora (kg)	Diámetro de cadea (mm)	Diámetro de estacha (mm)
L ≤ 3	3,5	6	10
L = 5	6	6	10
L = 7	10	6	10
L = 9	14	8	12
L = 12	20	8	12
L = 15	33	10	14
L = 18	46	10	14
L = 21	58	12	16
L = 24	75	12	16

* Para esloras intermedias ás indicadas na táboa interpoláranse os valores do peso da áncora e dos diámetros da cadea e estacha.

5. As cadeas deben ser de aceiro galvanizado ou material equivalente, co diámetro indicado na táboa e medido de acordo coa norma técnica UNE-EN 24565:1992 (Embarcacións menores. Cadeas de áncora).

6. O diámetro da estacha indicado na táboa refírese a estachas de nailon; en todo caso, a súa carga de rotura será maior que a da cadea.

7. O peso das áncoras indicado na táboa asóciase a áncoras de alto poder de agarre –cunha tolerancia do 10 %–, polo que o peso doutros tipos de áncoras debe aumentarse nun terzo. O peso da áncora poderá distribuírse en dúas áncoras, sendo o peso do áncora principal non inferior ao 75 % do peso total.

Artigo 12. *Material náutico.*

1. As embarcacións de lecer, en función da zona en que se encontren navegando, deberán dispor do material náutico indicado na seguinte táboa:

Material	Zonas de navegación				Requisitos
	1	2	3 4	5 6 7	
Compás*.	1	1	1	–	2.a)
Sextante.	1	–	–	–	2.b)
Cronómetro.	1	–	–	–	
Cartas náuticas*.	1	1	1	–	2.c)
Publicacións náuticas*.	1	1	1	–	2.d)
Prismáticos*.	1	1	1	–	
Barómetro.	1	1	–	–	
Pavillón nacional.	1	1	1	1	

Material	Zonas de navegación				Requisitos
	1	2	3 4	5 6 7	
Xogo de bandeiras.	1	1	–	–	2.e)
Lanterna estanca.	1	1	1	1	2.f)
Diario de navegación.	1	–	–	–	
Reflector de radar.	1	1	1	1	2.g)
Táboa de sinais de salvamento.	1	1	1	1	2.h)
Táboa de bandeiras de sinais.	1	1	1	1	2.i)

* As embarcacións de lecer, cun espazo habitable cerrado destinado ao goberno da embarcación ou á navegación, e con categoría de deseño A ou B, deberán dispor de compás, cartas náuticas, publicacións náuticas e prismáticos, mesmo cando naveguen exclusivamente nas zonas 5, 6 ou 7.

2. O material náutico das embarcacións deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Compás. O compás deberá ser certificado de acordo co establecido no Real decreto 701/2016, do 23 de decembro, sendo válidos os compases certificados para botes salvavidas ou botes de rescate. Nas zonas 1 ou 2 deberase levar iluminación e un compás de marcacións e exíxese, ademais, que exista a bordo unha táboa de desvíos que deberá revisarse cada cinco anos.

b) Sextante. Xuntarse polas táboas necesarias para a navegación astronómica.

c) Cartas náuticas. Levaranse as cartas actualizadas que cubran os mares polos que se navegue e os portolanos dos portos que se utilicen, así como os utensilios necesarios para o seu uso.

d) Publicacións náuticas. Son obrigatorios a derrota e o libro de faros e sinais de néboa, actualizados da zona en que navegue, e o anuario de mareas do ano en curso, excepto no Mediterráneo. Ademais, nas zonas 2 e 3, o Libro de radiosinais actualizado e, na zona 1, o Manual para uso dos servizos móbil marítimo e móbil marítimo por satélite, o Nomenclátor das estacións costeiras e das estacións que efectúan servizos especiais (lista IV) e o Código internacional de sinais, actualizados.

e) Xogo de bandeiras. Deberanse posuír como mínimo as bandeiras C e N do Código internacional de sinais. Ademais, para a zona 1, as súas dimensións mínimas serán de 60 × 50 centímetros.

f) Lanterna estanca. Disporase dun xogo de baterías de recambio. Esta lanterna servirá para dar cumprimento ao disposto no artigo 10.3, sempre que dispoña de luz branca.

g) Reflector de radar. Colocarase en embarcacións de lecer de casco non metálico.

h) Táboa de sinais de salvamento do Código internacional de sinais. Se se montan equipamentos radioeléctricos.

i) Táboa de bandeiras de sinais do Código internacional de sinais. Se se montan equipamentos radioeléctricos.

Artigo 13. *Material diverso.*

1. As embarcacións de lecer deberán levar a bordo o seguinte material:

a) Medios de emerxencia para o goberno en embarcacións de vela ou dun só motor se o goberno é a distancia, excepto se o motor é foraborda ou de transmisión en z.

b) Un mínimo de dúas estachas de amarre de lonxitude e resistencia adecuadas á eslora da embarcación.

c) Un bicheiro.

d) Nas embarcacións pneumáticas ríxidas e semirríxidas, un inflador e un xogo de reparación de picadas.

2. Caixa de primeiros socorros e guía sanitaria a bordo.

a) As embarcacións de lecer con tripulación profesional deberán cumprir co Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar. Así mesmo, a revisión das caixas de primeiros socorros que se levan a bordo efectuarase de conformidade coa Orde PRE/3598/2003, do 18 de decembro, pola que se desenvolve o Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, en materia de revisión das caixas de primeiros socorros de que deben ir provistos os buques.

b) As embarcacións de lecer sen tripulación profesional que naveguen nas zonas 1, 2, 3 ou 4 deberán contar cunha caixa de primeiros socorros cuxo contido en medicamentos e material médico sexa idéntico ao tipo balsas de salvamento que figura no anexo II do Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro.

c) As embarcacións de lecer que contén con caixa de primeiros socorros deberán levar a guía sanitaria a bordo.

CAPÍTULO IV

Equipamentos de seguranza contraincendios e medios de achique

Artigo 14. *Clasificación de combustibles.*

Para os efectos do previsto neste real decreto, os combustibles utilizados a bordo das embarcacións de lecer clasifícanse en:

1. Grupo 1.º: combustibles líquidos cuxo punto de inflamación sexa inferior a 55 °C (combustible hidrocarburado que é líquido á presión atmosférica e se usa en motores de ignición por faísca).

2. Grupo 2.º: combustibles líquidos cuxo punto de inflamación sexa igual ou superior a 55 °C (combustible hidrocarburado que é líquido á presión atmosférica e se usa en motores de ignición por compresión).

3. Gas licuado do petróleo (GLP): un ou máis hidrocarburos lixeiros clasificados segundo os números ONU 1011, ONU 1075, ONU 1965, ONU 1969 ou ONU 1978 unicamente, e que se compón principalmente de propano, propeno, butano, isómeros de butano e buteno con trazas doutros hidrocarburos gasosos.

Artigo 15. *Extintores portátiles.*

1. Sen prexuízo do disposto para embarcacións que desenvolvan unha actividade con fins comerciais e lucrativos, as embarcacións de lecer con marcación CE deberán levar os extintores portátiles definidos polo fabricante no manual de instrucións da embarcación. Na súa falta, levarán os extintores portátiles prescritos nos números 3 e 4.

O manual de instrucións da embarcación poderá ser requirido polas autoridades competentes para verificar que os extintores a bordo se axustan ao que figura no seu contido. En caso de non encontrarse o manual a bordo, os propietarios das embarcacións ou, se for o caso, os patróns, disporán dun prazo de dez días, contados a partir do requirimento, para xustificar ante as citadas autoridades a existencia a bordo dos extintores previstos no manual. Esta disposición será tamén de aplicación aos sistemas fixos de extinción de incendios prescritos no artigo 16.1.

2. As embarcacións de lecer sen marcación CE e todas as que desenvolvan unha actividade con fins comerciais ou lucrativos deberán levar como mínimo os extintores portátiles prescritos neste artigo, en función da súa eslora e da súa instalación propulsora.

3. En función da eslora da embarcación, deberase levar o seguinte número de extintores portátiles:

L (m)	Número e tipo (eficacia mínima)
L < 10 e espazo habitable cerrado	1, tipo 34 B
10 <= L < 15	1, tipo 34 B
15 <= L < 20	2, tipo 34 B
20 <= L <= 24	3, tipo 34 B

Nas embarcacións de lecer con fins comerciais ou lucrativos e L >= 10 m, levarase un extintor máis dos indicados na táboa.

4. En función da instalación propulsora da embarcación, deberase levar o número de extintores portátiles indicados na seguinte táboa ou, se se dispón dunha instalación fixa de extinción de incendios que cumpra co indicado no artigo 16, un extintor portátil de eficacia mínima 34 B situado nas proximidades do compartimento do motor:

Potencia instalada* P (kW)	Número e tipo (eficacia mínima)**
P <= 25	1, tipo 34 B (non requirido en motorización foraborda).
25 < P <= 220	1, tipo 34 B.
P > 220	Extintores portátiles cunha capacidade total B = P x 0,3***.

* En caso de motores interiores (motores non foraborda), o cálculo farase por cada compartimento de motores.

** Se a eslora é menor de 10 metros, estes extintores servirán para cumprir o exixido en función da eslora.

*** Exemplo: para un motor foraborda de 1 x 250 kW a capacidade requirida é de 250 x 0,3 = 75 B, o que corresponde a 3 extintores de tipo 34 B.

5. Os extintores portátiles prescritos nos números 3 e 4 conterán ao menos 2 quilogramos de axente extintor (po seco ou cantidade equivalente doutro axente extintor), estarán colocados en lugares de fácil acceso e un deles enconrarase nunha posición tal que se poida alcanzar sen dificultades desde o posto principal de goberno da embarcación de lecer.

6. Cando a embarcación de lecer dispoña dunha instalación eléctrica de máis de 50 volts ou sexa de propulsión eléctrica, ao menos un dos extintores portátiles prescritos nos números 3 e 4 será adecuado para lumes con presenza de electricidade.

7. Cando a embarcación de lecer dispoña de motores que utilicen GLP como combustible, ao menos un dos extintores portátiles prescritos nos números 3 e 4 será adecuado para os lumes de gases, segundo a clasificación realizada no anexo I, sección 1.^a, número 4.5, do Regulamento de instalacións de protección contra incendios, aprobado polo Real decreto 513/2017, do 22 de maio.

8. Todos os extintores deberán ser certificados de acordo co Real decreto 701/2016, do 23 de decembro, sendo válidos os extintores certificados para botes salvavidas ou botes de rescate.

9. Todos os extintores estarán sometidos ás revisións establecidas no artigo 21 do Regulamento de instalacións de protección contra incendios.

Artigo 16. *Sistemas fixos de extinción de incendios.*

1. Sen prexuízo do disposto para embarcacións que desenvolvan unha actividade con fins comerciais e lucrativos, as embarcacións de lecer con marcación CE deberán levar o sistema fixo de extinción de incendios definido polo fabricante no manual de instrucións da embarcación. Na súa falta, cumpriran co disposto nos números 2 e 3.

2. As embarcacións de lecer sen marcación CE e todas as que desenvolvan unha actividade con fins comerciais ou lucrativos e que leven motores que utilicen combustible clasificado do grupo 1.º ou GLP deberán estar provistas dun sistema fixo de extinción de incendios no compartimento do motor que evite a necesidade de abrir o compartimento en caso de incendio. Cando os motores estean situados nun embutimento por enriba da cuberta da embarcación, poderase dispor, como alternativa, de extintores portátiles para aberturas de incendios, dun tipo e tamaño adecuados para o volume do embutimento ou do espazo de máquinas.

3. Os equipamentos prescritos no número anterior cumprirán cos requisitos establecidos na norma técnica UNE-EN ISO 9094:2017 (Pequenas embarcacións. Protección contra incendios) ou, se for o caso, a norma técnica harmonizada que a substitúa.

4. Todos os sistemas fixos de extinción de incendios estarán sometidos ás revisións establecidas no artigo 21 do Regulamento de instalacións de protección contra incendios.

Artigo 17. *Sistemas de detección de gases.*

1. As embarcacións de lecer que teñan instalacións de gas combustible total ou parcialmente no interior do casco deberán levar sistemas de detección de gases que accionarán automaticamente unha alarma con sinal luminoso e sonoro.

2. Para embarcacións de lecer con motores que utilicen combustible GLP, o sistema de detección de gas que se instale no compartimento interior de cada motor e de cada espazo de almacenamento de combustible cumprirá cos requisitos recollidos na norma técnica UNE-EN 15609:2012 (Equipamentos e accesorios para GLP. Sistemas de propulsión de GLP para barcos, iates e outras embarcacións) ou, se for o caso, a norma técnica harmonizada que a substitúa.

Artigo 18. *Sistemas de ventilación.*

1. O disposto neste artigo non será de aplicación ás embarcacións de lecer con marcación CE.

2. Os compartimentos interiores das embarcacións de lecer que dispoñan de motores ou depósitos de almacenamento, en que se utilicen combustibles do grupo 1.º, deberán dispor dun sistema de ventilación conforme a norma técnica UNE-EN ISO 11105:2020 (Pequenas embarcacións. Ventilación das salas de motores de gasolina e/ou dos compartimentos para os depósitos de gasolina) ou, se for o caso, a norma técnica harmonizada que a substitúa. Nos compartimentos de motores con arranque eléctrico a ventilación será forzada.

3. Os compartimentos interiores das embarcacións de lecer que dispoñan de motores ou depósitos de almacenamento, en que se utilice combustible GLP, deberán dispor dun sistema de ventilación forzada conforme a norma técnica UNE-EN 15609:2012 (Equipamentos e accesorios para GLP. Sistemas de propulsión de GLP para barcos, iates e outras embarcacións) ou, se for o caso, a norma técnica harmonizada que a substitúa.

4. Nos casos descritos nos números anteriores, xunto ao dispositivo de arranque dos motores haberá unha placa ou etiqueta visible nun idioma intelixible que recorde a necesidade de ventilar durante 4 minutos o compartimento interior antes de arrancar os motores.

5. Os compartimentos das baterías de acumuladores das embarcacións de lecer que dispoñan dun sistema de propulsión eléctrica deberán estar ventilados conforme a norma técnica UNE-EN ISO 16315:2016 (Pequenas embarcacións. Sistema de propulsión eléctrica), ou, se for o caso, a norma técnica harmonizada que a substitúa.

Artigo 19. *Depósitos de combustible.*

1. O disposto neste artigo non será de aplicación ás embarcacións de lecer con marcación CE.

2. Os depósitos de almacenamento de combustibles do grupo 1º non formarán parte do casco da embarcación de lecer e deberán estar protexidos contra o risco de incendio de calquera motor ou de calquera outra fonte de inflamación.

Artigo 20. *Medios de achique.*

1. Sen prexuízo dos medios de achique exixidos para as embarcacións de lecer con marcación CE, as embarcacións de lecer, en función da zona en que se encontren navegando, deberán ir provistas, ao menos, dos medios de achique que se indican a seguir:

a) Nas zonas 1, 2 ou 3, unha bomba accionada polo motor principal ou outra fonte de enerxía, unha bomba de accionamento manual e dous baldes con capacidade mínima de 5 litros.

b) Nas zonas 4, 5 ou 6, unha bomba manual ou eléctrica e un balde con capacidade mínima de 5 litros.

c) Na zona 7, unha bomba manual ou eléctrica. Se a embarcación ten $L \leq 6$ m con cámaras de flotabilidade, un achicador con capacidade mínima de 2 litros.

d) Nos veleiros que se encontren navegando nas zonas 1, 2, 3, 4, 5 ou 6, ao menos unha bomba será manual e fixa, operable desde a bañeira con todas as trapelas e accesos ao interior cerrados.

e) Nas embarcacións con compartimentos de sentina separados, medios de bombeo similares.

2. A capacidade das bombas non debe ser menor de (a unha presión de 10 kPa):

a) 10 litros por minuto para $L \leq 6$ m.

b) 15 litros por minuto para $6 < L < 12$ m.

c) 30 litros por minuto para $L \geq 12$ m.

Nas bombas manuais, a capacidade debe alcanzarse con 45 bombeos por minuto.

3. As bombas que se encontren en espazos cerrados e conteñan motores ou depósitos de combustible do grupo 1.º ou GLP deberán cumprir coa norma técnica UNE-EN ISO 8849:2019 (Pequenas embarcacións. Bombas de sentinas eléctricas de corrente continua) ou, se for o caso, a norma técnica harmonizada que a substitúa.

CAPÍTULO V

Prevención da contaminación

Artigo 21. *Prevención da contaminación por hidrocarburos, por lixo e atmosférica.*

As embarcacións de lecer cumprirán coas prescricións dos anexos I, V e VI do Convenio internacional para previr a contaminación polos buques, 1973 (MARPOL) que lles sexan de aplicación, xunto coas demais normas europeas ou nacionais que regulen as mesmas materias.

Artigo 22. *Prevención da contaminación polas augas sucias.*

1. O disposto neste artigo non será de aplicación ás embarcacións de lecer con marcación CE.

2. As embarcacións de lecer estarán construídas e dotadas de modo que se eviten descargas accidentais de augas sucias.

3. As embarcacións de lecer dotadas de inodoros deberán estar provistas dun dos seguintes equipamentos:

a) Sistema de retención das augas sucias xeradas durante a súa permanencia en espazos nos cales existan limitacións de descargas deste tipo de augas, e coa capacidade suficiente para reter todas as augas sucias, tendo en conta a duración da navegación, o número de persoas a bordo e outros factores pertinentes. Os sistemas de retención, incluídos os depósitos de retención móbiles, que cumpran coa norma técnica UNE-EN ISO 8099-1:2018 (Embarcacións de lecer. Circuitos de augas negras. Parte 1: Retención de augas negras) ou, se for o caso, a norma técnica harmonizada que a substitúa, presupoñen a súa conformidade coas disposicións deste real decreto.

b) Instalación de tratamento de augas sucias, sempre que sexa:

1.º Certificada de acordo co establecido no Real decreto 701/2016, do 23 de decembro.

2.º Aprobada ou homologada pola Administración marítima española, conforme unha norma técnica internacional.

3.º Aceptada, se for o caso, pola Administración marítima española despois de ter sido aprobada ou homologada polas administracións doutros Estados.

c) Sistema para triturar e desinfectar as augas sucias dotado de medios que permitan almacenalas temporalmente, sempre que sexa aprobado ou homologado pola Administración marítima española.

4. A embarcación que dispoña de depósitos de retención fixos estará provista dunha conexión universal á terra que permita acoplar o conduto das instalacións de recepción co conduto de descarga da embarcación. Así mesmo, se a embarcación esta provista de condutos destinados á descarga ao mar que atravesen o casco, estes disporán de válvulas que poidan cerrarse hermeticamente para previr a súa apertura inadvertida ou intencionada, tales como precintos ou dispositivos mecánicos.

Artigo 23. *Descarga de augas sucias.*

1. Prohíbese a descarga de augas sucias polas embarcacións de lecer en augas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, salvo que se cumpra algunha das seguintes condicións:

a) Que a embarcación efectúe a descarga a unha distancia superior a 3 millas náuticas da terra máis próxima, entendida esta como a liña de base a partir da cal se establece o mar territorial, se as augas sucias foron previamente trituradas e desinfectadas mediante un sistema que cumpra as prescricións do artigo 22.3.c), ou a unha distancia superior a 12 millas náuticas da terra máis próxima se non foron previamente trituradas nin desinfectadas. As augas sucias que estivesen almacenadas nos sistemas de retención non se descargarán instantaneamente, senón a un réxime moderado, cando a embarcación se ache en ruta e navegando a unha velocidade non inferior a 4 nós.

b) Que a embarcación efectúe a descarga fóra de zona 7 e utilice unha instalación de tratamento de augas sucias cuns requisitos de rendemento iguais ou superiores aos mínimos exixidos polo Regulamento de execución (UE) 2020/1170 da Comisión, do 16 de xullo de 2020, relativo aos requisitos de deseño, construción e rendemento e ás normas de ensaio para os equipamentos mariños, e polo que se derroga o Regulamento de execución (UE) 2019/1397, e que, ademais, o efluente non produza sólidos flotantes visibles nin ocasiona coloración nas augas circundantes.

2. Cando as augas sucias estean mesturadas con residuos ou augas residuais aos cales se apliquen outras disposicións normativas para a súa descarga, cumpriranse as prescricións desas disposicións, ademais das deste real decreto.

3. O indicado nos números anteriores non será de aplicación:
- Á descarga das augas sucias dunha embarcación cando sexa necesaria para garantir a seguranza da embarcación e das persoas que leve a bordo ou para salvar vidas no mar.
 - Á descarga de augas sucias resultantes de avarías sufridas por unha embarcación ou o seu equipamento, sempre que antes e despois de producirse a avaría se tomasen todas as precaucións razoables para previr ou reducir ao mínimo tal descarga.

CAPÍTULO VI

Infraccións e sancións

Artigo 24. *Infraccións.*

1. Constitúen infraccións administrativas no ámbito da mariña mercante as accións ou omisións tipificadas no capítulo I do título IV do libro terceiro do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.

2. O cadro de infraccións establecidas no texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante complétase coas especificacións seguintes:

a) De conformidade co artigo 307.2.b) do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, constitúen infraccións administrativas graves non dispor de, ou non cumprir a súa función, os seguintes equipamentos regulamentarios, cando for obrigatoria a súa tenza a bordo da embarcación de lecer:

- 1.º Balsas salvavidas.
- 2.º Chalecos salvavidas e luces.
- 3.º Aros salvavidas, luces e rabizas.
- 4.º Bengalas de man, foguetes con luz e paracaídas e sinais fumíxenos flotantes.
- 5.º Luces de navegación e marcas.
- 6.º Equipamento para sinais acústicos e recambios.
- 7.º Liñas de fondeo.
- 8.º Compás, iluminación e compás de marcacións.
- 9.º Sextante e táboas para a navegación astronómica.
- 10.º Cronómetro.
- 11.º Cartas náuticas.
- 12.º Utensilios para o uso de cartas náuticas.
- 13.º Publicacións náuticas.
- 14.º Prismáticos.
- 15.º Barómetro.
- 16.º Pavillón nacional.
- 17.º Xogo de bandeiras.
- 18.º Lanterna estanca, sempre que non sirva para dar cumprimento ao disposto no artigo 10.3, e baterías de recambio.
- 19.º Reflector de radar.
- 20.º Táboa de sinais de salvamento.
- 21.º Táboa de bandeiras de sinais.
- 22.º Medios de emerxencia para o goberno.
- 23.º Estachas de amarre.
- 24.º Bicheiro.
- 25.º Inflador.
- 26.º Xogo de reparación de picadas.
- 27.º Caixa de primeiros socorros.
- 28.º Guía sanitaria a bordo.
- 29.º Extintores portátiles.

- 30.º Sistemas fixos de extinción de incendios.
- 31.º Sistemas de detección de gases.
- 32.º Sistemas de ventilación.
- 33.º Placa ou etiqueta que recorde a necesidade de ventilar durante 4 minutos o compartimento interior antes de arrancar os motores.
- 34.º Bombas de achique.
- 35.º Baldes.
- 36.º Achicador.

b) De conformidade co artigo 307.2.k) do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, constitúen infraccións administrativas graves ter superado a data de revisión ou caducidade dos seguintes equipamentos regulamentarios, cando for obrigatoria a súa tenza a bordo da embarcación de lecer:

- 1.º Balsas salvavidas.
- 2.º Chalecos salvavidas inflables.
- 3.º Bengalas de man, foguetes con luz e paracaídas e sinais fumíxenos flotantes.
- 4.º Caixa de primeiros socorros.
- 5.º Extintores portátiles.
- 6.º Sistemas fixos de extinción de incendios.

c) De conformidade co artigo 307.3.c) do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, constitúen infraccións administrativas graves non dispor de, ou non cumprir a súa función, os seguintes documentos regulamentarios, cando for obrigatoria a súa tenza a bordo da embarcación de lecer:

- 1.º Táboa de desvíos.
- 2.º Diario de navegación.

d) De conformidade co artigo 307.3.ñ) do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, constitúe infracción administrativa grave o incumprimento do deber de facilitar ás autoridades competentes o manual de instrucións da embarcación ou facelo de modo incorrecto ou fóra do prazo de dez días, co obxecto de verificar que os extintores portátiles ou os sistemas fixos de extinción de incendios a bordo se axustan ao que figura no contido do manual.

e) De conformidade co artigo 307.4.c) do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, constitúen infraccións administrativas graves non dispor de, ou non cumprir a súa función, os seguintes equipamentos regulamentarios, cando for obrigatoria a súa tenza a bordo da embarcación de lecer:

- 1.º Equipamento de prevención da contaminación polas augas sucias.
- 2.º Conexión universal á terra.

Artigo 25. Sancións.

1. As accións ou omisións que sexan constitutivas de infracción serán sancionadas segundo as disposicións contidas no capítulo II do título IV do libro terceiro do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

2. O cadro de sancións establecidas no artigo 312 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante complétase coas graduacións seguintes:

a) Para as infraccións graves recollidas no artigo 24.2.a), as sancións serán no suposto do:

Ordinal 1.º, multa de 500 a 600 euros para embarcacións até 7,5 metros de eslora; multa de 1.000 a 1.200 euros para embarcacións a partir de 7,5 e até 12 metros de eslora; e multa de 2.500 a 3.000 euros para embarcacións a partir de 12 metros de eslora.

Ordinal 2.º, multa de 200 a 250 euros por cada chaleco salvavidas e de 100 a 150 euros por cada luz para chaleco salvavidas.

Ordinal 3.º, multa de 200 a 250 euros por cada aro salvavidas e de 100 a 150 euros por cada luz ou rabiza para aro salvavidas.

Ordinal 4.º, multa de 100 a 150 euros por cada unha das bengalas de man, de 100 a 150 euros por cada un dos foguetes con luz vermella e paracaídas e de 100 a 150 euros por cada un dos sinais fumixenos flotantes.

Ordinal 5.º, multa de 500 a 600 euros para embarcacións até 7,5 metros de eslora; e multa de 1.000 a 1.200 euros para embarcacións a partir de 7,5 metros de eslora.

Ordinal 6.º, multa de 300 a 400 euros por cada sinal acústico e de 100 a 150 euros polos recambios.

Ordinal 7.º, multa de 500 a 600 euros.

Ordinal 8.º, multa de 500 a 600 euros polo compás, de 100 a 150 euros pola iluminación e de 100 a 150 euros polo compás de marcacións.

Ordinal 9.º, multa de 400 a 500 euros polo sextante e de 100 a 150 euros polas táboas para a navegación astronómica.

Ordinal 10.º, multa de 200 a 250 euros.

Ordinal 11.º, multa de 200 a 250 euros por cada carta.

Ordinal 12.º, multa de 100 a 150 euros.

Ordinal 13.º, multa de 100 a 150 euros por cada publicación.

Ordinal 14.º, multa de 250 a 300 euros.

Ordinal 15.º, multa de 100 a 150 euros.

Ordinal 16.º, multa de 150 a 200 euros.

Ordinal 17.º, multa de 100 a 150 euros por cada bandeira.

Ordinal 18.º, multa de 150 a 200 euros pola lanterna estanca e de 100 a 150 euros polas baterías de recambio.

Ordinal 19.º, multa de 400 a 500 euros.

Ordinal 20.º, multa de 100 a 150 euros.

Ordinal 21.º, multa de 100 a 150 euros.

Ordinal 22.º, multa de 500 a 600 euros.

Ordinal 23.º, multa de 100 a 150 euros por cada estacha.

Ordinal 24.º, multa de 150 a 200 euros.

Ordinal 25.º, multa de 100 a 150 euros.

Ordinal 26.º, multa de 100 a 150 euros.

Ordinal 27.º, multa de 100 a 150 euros.

Ordinal 28.º, multa de 100 a 150 euros.

Ordinal 29.º, multa de 300 a 400 euros por cada extintor portátil.

Ordinal 30.º, multa de 500 a 600 euros para embarcacións até 7,5 metros de eslora; multa de 1.000 a 1.200 euros para embarcacións a partir de 7,5 e até 12 metros de eslora; e multa de 2.500 a 3.000 euros para embarcacións a partir de 12 metros de eslora.

Ordinal 31.º, multa con 300 a 400 euros.

Ordinal 32.º, multa de 500 a 600 euros para embarcacións até 7,5 metros de eslora; multa de 1.000 a 1.200 euros para embarcacións a partir de 7,5 e até 12 metros de eslora; e multa de 2.500 a 3.000 euros para embarcacións a partir de 12 metros de eslora.

Ordinal 33.º, multa de 300 a 400 euros.

Ordinal 34.º, multa de 400 a 500 euros por cada bomba de achique.

Ordinal 35.º, multa de 100 a 150 euros por cada balde.

Ordinal 36.º, multa de 100 a 150 euros.

b) Para as infraccións recollidas no artigo 24.2.b), as sancións serán no suposto do:

Ordinal 1.º, multa de 500 a 600 euros para embarcacións até 7,5 metros de eslora; multa de 1.000 a 1.200 euros para embarcacións a partir de 7,5 e até 12 metros de eslora; e multa de 2.500 a 3.000 euros para embarcacións a partir de 12 metros de eslora.

Ordinal 2.º, multa de 200 a 250 euros por cada chaleco salvavidas.

Ordinal 3.º, multa de 100 a 150 euros por cada unha das bengalas de man, de 100 a 150 euros por cada un dos foguetes con luz vermella e paracaídas e de 100 a 150 euros por cada un dos sinais fumixenos flotantes.

Ordinal 4.º, multa de 100 a 150 euros.

Ordinal 5.º, multa de 300 a 400 euros por cada extintor portátil.

Ordinal 6.º, multa de 500 a 600 euros para embarcacións até 7,5 metros de eslora; multa de 1.000 a 1.200 euros para embarcacións a partir de 7,5 e até 12 metros de eslora; e multa de 2.500 a 3.000 euros para embarcacións a partir de 12 metros de eslora.

c) Para as infraccións recollidas no artigo 24.2.c), as sancións serán no suposto do:

Ordinal 1.º, multa de 200 a 250 euros.

Ordinal 2.º, multa de 300 a 400 euros.

d) Para a infracción recollida no artigo 24.2.d), multa de 1.500 a 2.000 euros polo incumprimento de facilitar o manual de instrucións da embarcación e de 200 a 300 euros por facelo de modo incorrecto ou fóra do prazo de dez días.

e) Para as infraccións recollidas no artigo 24.2.e), as sancións serán no suposto do:

Ordinal 1.º, multa de 500 a 600 euros para embarcacións até 7,5 metros de eslora; multa de 1.000 a 1.200 euros para embarcacións a partir de 7,5 e até 12 metros de eslora; e multa de 2.500 a 3.000 euros para embarcacións a partir de 12 metros de eslora.

Ordinal 2.º, multa de 500 a 600 euros.

3. Na graduación das sancións consideraranse os criterios do artigo 314 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante e do artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición adicional primeira. *Zona de navegación de embarcacións excluídas.*

O capitán marítimo, dentro das zonas de navegación establecidas no artigo 3, fixará as zonas para as cales autoriza a navegación das embarcacións excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto de conformidade co artigo 2.2, alíneas b) a h), que se destinen a fins recreativos e deportivos e cuxa eslora sexa igual ou superior a 2,5 metros. A autorización expedirase, para o ámbito xeográfico de competencias da capitania marítima, en función das características da embarcación e dos seus equipamentos de seguranza e de prevención da contaminación.

Disposición adicional segunda. *Actualización de equipamentos.*

1. Os equipamentos que xa estiveren instalados a bordo dunha embarcación de lecer, conforme os requisitos da Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril, pola que se regulan os equipamentos de seguridade, salvamento, contra incendios, navegación e prevención de verteduras por augas sucias, que deben levar a bordo as embarcacións de recreo, non terán a obrigação de cumprir cos novos requisitos adicionais previstos neste real decreto para cada equipamento en concreto. Estes equipamentos non se poderán instalar a bordo doutra embarcación.

2. As revisións das balsas salvavidas, os chalecos salvavidas inflables, os extintores portátiles e os sistemas fixos de extinción de incendios que xa estiveren instalados a bordo dunha embarcación de lecer, conforme os requisitos da Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril, levaranse a cabo coas novas disposicións contidas neste real decreto.

3. Os equipamentos establecidos con carácter obrigatorio por este real decreto e que non eran exixidos para as embarcacións de lecer a que viña aplicándose a Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril, instalaranse no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto. Así mesmo, antes do prazo indicado, os chalecos salvavidas serán completados, cando proceda, coa luz prescrita no artigo 7.

4. Cando unha das normas técnicas harmonizadas citadas neste real decreto sexa substituída, os equipamentos que xa estiveren instalados a bordo conforme os requisitos

da norma substituída non terán a obrigación de cumprir cos requisitos adicionais que poida incluír a nova norma. Estes equipamentos non se poderán instalar a bordo doutra embarcación.

Enténdese por norma técnica harmonizada, para efectos deste real decreto, aquela norma UNE cuxa referencia fose incluída na relación de normas UNE aprobadas pola Asociación Española de Normalización publicada no «Boletín Oficial del Estado» que sexa versión dunha norma EN cuxa referencia fose publicada no *Diario Oficial de la Unión Europea* no marco de aplicación da Directiva 2013/53/EU do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás embarcacións de lecer e ás motos acuáticas, e pola que se derroga a Directiva 94/25/CE.

Disposición adicional terceira. *Embarcacións de lecer matriculadas con categoría de navegación asignada.*

1. As embarcacións de lecer sen marcación CE matriculadas en España con anterioridade á entrada en vigor da Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril, que dispoñan dun certificado de navegabilidade vixente expedido para unha categoría de navegación, estarán autorizadas para navegar polas zonas de navegación permitidas á entrada en vigor deste real decreto, en función do equipamento de seguranza e de prevención da contaminación a bordo, actualizado de conformidade coa disposición adicional segunda, número 3, salvo que, como consecuencia do resultado das distintas inspeccións regulamentarias, se deba modificar a zona de navegación.

2. As embarcacións de lecer con marcación CE matriculadas en España con anterioridade á entrada en vigor da Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril, estarán facultadas para navegar até a zona de navegación correspondente á categoría de navegación asignada no momento da súa matriculación, en función do equipamento de seguranza e de prevención da contaminación a bordo, actualizado de conformidade coa disposición adicional segunda, número 3, salvo que, como consecuencia do resultado das distintas inspeccións regulamentarias, se deba modificar a zona de navegación.

Disposición adicional cuarta. *Autorización para a instalación de equipamentos de salvamento de carácter innovador.*

Autorízase a instalación de equipamentos de salvamento de carácter innovador nas embarcacións de lecer nacionais, alternativos aos enumerados no capítulo II, sempre que deparen un grao de seguranza igual ou superior e fosen aprobados ou homologados polo director xeral da Mariña Mercante de acordo con normas de seguranza equivalentes ás prescricións establecidas neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril, pola que se regulan os equipamentos de seguridade, salvamento, contra incendios, navegación e prevención de verteduras por augas sucias que deben levar a bordo as embarcacións de recreo, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos náuticas.*

O Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos náuticas, queda modificado como segue:

Un. A alínea b) do número 2 do artigo 2 queda redactada do seguinte modo:

«b) Aluguer por horas ou fracción, polas empresas indicadas no parágrafo anterior, para a realización de excursións colectivas en navegación e excursións

individuais co monitor con titulación de motonáutica patroneando a moto náutica e o arrendatario de pasaxeiro».

Dous. O número 3 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«3. Uso por institucións ou organismos públicos. Só poderán usarse en tarefas de vixilancia e demais funcións policiais, así como para o auxilio e o salvamento marítimo de vidas humanas e bens.

As motos náuticas dedicadas permanentemente a actividades de auxilio e salvamento marítimo irán pintadas de cor laranxa».

Tres. A alínea a) do número 2 do artigo 6 queda redactada do seguinte modo:

«a) En ningún momento o número total de persoas a bordo da moto e remolcadas poderá superar o das prazas autorizadas da moto náutica».

Catro. O número 5 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«5. As motos náuticas tamén poderán ser utilizadas para o remolque doutras motos náuticas, de embarcacións de casco ríxido ou semirríxido de eslora inferior a 5 metros ou de artefactos flotantes, cando for necesario para o exercicio de actividades relacionadas coas empresas de aluguer de motos náuticas ou por razóns deportivas, sempre que as motos náuticas, as embarcacións ou artefactos flotantes remolcados non poñan en perigo a seguranza da navegación da moto que efectúa o remolque».

Cinco. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Elementos de seguranza.*

1. Con independencia da modalidade de utilización, calquera usuario dunha moto náutica, tanto se está ao seu goberno como se é pasaxeiro, deberá levar posto un chaleco salvavidas homologado pola autoridade que corresponda segundo a nacionalidade do propietario, salvo que posúa a marcación de conformidade CE. O chaleco terá un mínimo de 100 N de flotabilidade e deberá dispor dun asubío para chamar a atención.

2. Excepcionalmente, poderase utilizar unha axuda á flotación de 50 N homologada pola autoridade que corresponda segundo a nacionalidade do propietario, salvo que posúa a marcación de conformidade CE, nas modalidades de utilización de aluguer por horas ou fracción en circuíto e de auxilio e salvamento marítimo por institucións ou organismos públicos, así como no resto das modalidades cando as navegacións se realicen en augas costeiras protexidas, portos, radas, rías, baías abrigadas e augas protexidas en xeral. En todo caso, seguiranse as limitacións de uso recomendadas polo fabricante da axuda e as definidas, se for o caso, na homologación. A axuda deberá dispor dun asubío para chamar a atención.»

Seis. A disposición transitoria única queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria única. *Validez dos títulos náutico-deportivos de patrón de moto náutica «A», «B» e «C».*

Os títulos náutico-deportivos de patrón de moto náutica «A», «B» e «C» emitidos antes do 1 de xullo de 2019 conservarán a súa validez e poderán ser renovados.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo.*

O Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo, queda modificado como segue:

Un. O número 10 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«10. Licenza de navegación: documento emitido polas federacións de vela e motonáutica, así como polas escolas náuticas de lecer, baixo a súa responsabilidade, que habilita o interesado para o goberno de embarcacións de lecer e motos náuticas de até 6 metros de eslora e unha potencia de motor adecuada a elas segundo o seu fabricante, unha vez recibida a formación correspondente, con suxeición aos requisitos e limitacións regulados neste real decreto.»

Dous. A alínea d) do número 1 do artigo 34 queda redactada do seguinte modo:

«d) O goberno de embarcacións de lecer e motos náuticas destinadas ao socorrismo en praias».

Tres. O número 2 do artigo 34 queda redactado do seguinte modo:

«Os posuidores dos títulos de capitán de iate e patrón de iate poderán igualmente patronear embarcacións de lecer transportando até 6 pasaxeiros para a realización de excursións turísticas e a práctica de pesca de lecer, dentro do mesmo ámbito xeográfico sinalado no número 1.a)».

Catro. Engádesse no anexo IX, sobre títulos expedidos por outros Estados, a información dos títulos expedidos por Suíza e Reino Unido indicada a seguir:

Suíza

Títulos	Atribucións	Observacións
PERMIS B Emitidos por: (*)	Embarcacións de: – motor – vela con ou sen motor aux. – motor e vela con ou sen motor aux. (ver tarxeta) de arqueo bruto até 300.	(*) – CRUISING CLUB DE SUÍZA (CCS) – ESCOLA DE VELA DE RORSCHACH (SEGELSCHULE) – INSTITUTO PARA A NAVEGACIÓN NO MAR ALTO -NAVEGACIÓN DEPORTIVA- – OFICINA DO DR. KONRAD BUTZ (SPORTNAVIGATION) – ESCOLA AERONÁUTICA E NAVAL A.AVI.
Permisos das xefaturas cantonais de navegación	Navegación en augas interiores.	

Reino Unido - RYA (Royal Yachting Association)

Títulos	Atribucións	Observacións
YACHTMASTER OCEAN	Embarcacións de até 24 m de eslora, sen limitacións.	Segundo habilitación (motor ou vela).
YACHTMASTER OFFSHORE	Embarcacións de até 24 m de eslora, sen afastarse máis de 150 millas da costa.	Segundo habilitación (motor ou vela).
COASTAL SKIPPER/ YACHTMASTER COASTAL	Embarcacións de até 24 m de eslora, sen afastarse máis de 20 millas da costa.	Segundo habilitación (motor ou vela).
DAY SKIPPER	Embarcacións de até 24 m de eslora, sen afastarse máis de 12 millas da costa.	Segundo habilitación (motor ou vela).
POWERBOAT LEVEL 2	Embarcacións de motor de até 10 m de eslora, sen afastarse máis de 5 millas da costa.	De motor.

Títulos	Atribucións	Observacións
INTERNATIONAL CERTIFICATE FOR OPERATORS OF PLEASURE CRAFT	Segundo especifique o certificado: – Embarcacións de até 24 m de eslora (motor ou vela). – Embarcacións a motor de até 10 m de eslora.	– As de até 24 m de eslora, sen afastarse máis de 12 millas da costa. – As de até 10 m de eslora, sen afastarse máis de 5 millas da costa.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.20.º da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xullo de 2021.

Non obstante, entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» a disposición derradeira primeira, de modificación do Real decreto 259/2002, do 8 de marzo, e a disposición derradeira segunda, de modificación do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro.

Dado en Madrid o 18 de maio de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana,
JOSÉ LUIS ÁBALOS MECO